

As Pontes



FESTAS DO CARME E A FRAGA

DO 11 AO 25 DE XULLO

- entrevista**
Lorena Tenreiro, concelleira de Cultura
- pregoeiros**
Homenaxe a todos os deportistas ponteses
- cartel**
O deseñador Miguel Ledo creou a imaxe
- noites do carme**
O talento local amósase tarde a tarde

NOVALUX
óptica & centro auditivo



novaluxoptica.com

N.R.S. 6-27-000261 / 6-27-000222 • N.R.S. 6-16-000024 / 6-16-000179

BOAS FESTAS!



PROGRAMA

Máis de 50 actividades para desfrutar das festas

O Concello aposta por unha programación que combina tradición, cultura, música e participación cidadá durante máis de tres semanas de celebración

O Concello das Pontes presentou a programación oficial das Festas do Carme e A Fraga 2026, que se desenvolverán do 3 ao 25 de xullo cun amplo programa de actividades culturais, musicais, deportivas, relixiosas e de lecer pensado para todos os públicos. Máis de medio cento de propostas converterán novamente o municipio nun dos grandes referentes festivos do verán galego, cunha programación que combina tradición, patrimonio, participación cidadá e espectáculos de primeiro nivel.

O Concello preparou durante os



últimos meses unha programación moi diversa, aberta a todos os públicos e na que conviven as tradicións locais con propostas culturais e musicais de primeiro nivel. O obxectivo é que as Festas do Carme e A Fraga sigan sendo un espazo de encontro para a veciñanza e para todas as persoas que nos visitan durante o mes de xullo, poñendo en valor o enorme traballo do tecido asociativo, das escolas municipais e dos colectivos culturais das Pontes.

O CARTEL

Destaca o traballo realizado por Miguel Ledo Roca, autor dun cartel que reúne nunha única composición os lugares, tradicións e símbolos que fan das Festas do Carme e A Fraga unha celebración única. “Este cartel é moito máis ca unha imaxe promocional; é unha homenaxe á nosa historia, ás nosas tradicións e ás persoas que, ano tras ano, manteñen viva esta celebración. Miguel conseguiu transformar os recordos e as emocións compartidas nunha obra contemporánea, chea de sensibilidade e detalles que nos invita a redescubrir As Pontes”, sinalan desde a organización.

A ilustración recrea unha pequena illa simbólica na que conviven algúns dos espazos máis emblemáticos da vila: a Praza do Carme, escenario dos actos relixiosos e da tradicional procesión; a Praza de América, punto de encontro da cultura e da música; a Casa do Concello e o Parque Municipal, corazón institucional e social das festas; e A Fraga, contorna natural onde culminan as celebracións coa multitudinaria romaría. Ao redor destes espazos cobran protagonismo algúns dos elementos máis representativos da identidade pontesa: as hortensias, protagonistas da tradicional alfombra floral; as xestas, inseparables da Romaría da Fraga; as cabanas, símbolo da convivencia entre familias e amizades; os fogos artificiais, que iluminan a noite grande das festas; o mantecado, un dos sabores máis característicos destas datas; e a música,

presente nos escenarios e nas rúas como fío condutor dunha celebración que une xeracións. Cada detalle da composición transmite a esencia das festas, representando os concertos, os espazos de encontro, as tradicións e a convivencia que caracterizan o Carme e A Fraga, convertendo o cartel nunha invitación a descubrir e vivir As Pontes durante o mes de xullo.

TRES SEMANAS DE ACTOS

A programación arrancará o 3 de xullo coa presentación do número 18 da revista Estudos Históricos Hume na Casa Dopeso e continuará o día 4 coa Mostra de Música Coral no Cine Alovi.

Entre as actividades previas aos días grandes destacan a exposición colectiva *Unha foto un poema*, instalada no patio do CEIP Santa María entre o 9 de xullo e o 31 de agosto; a solemne novena na honra da Virxe do Carme, do 10 ao 18 de xullo; e a exposición *A música é o mellor*, de Luis M. Torrente, na Casa Dopeso.

O 11 de xullo celebrarase unha nova edición do Certame de Bandas, coa participación da Banda da Escola de Música Charamela de Pontedeume, da Agrupación Musical Lira de San Miguel de Oia e da Banda Cultural e Recreativa das Pontes. Do 13 ao 16 de xullo, os Xardíns do Campo da Feira acollerán o Parque Activo, con actividades infantís e familiares, mentres que as noites estarán protagonizadas polo ciclo As Noites do Carme, que incluírá actuacións da Escola Municipal de Pandeireta, o III Festival Música

Queridas veciñas e veciños...

SAÚDA DO ALCALDE



Valentín González Formoso

Chega de novo o tempo do Carme e da Fraga. Un tempo que non aparece só no calendario, senón tamén na memoria e no corazón de todas as persoas que sentimos As Pontes como parte esencial da nosa vida. Porque hai celebracións que van moito máis alá da festa: son reencontro, identidade, emoción compartida e unha maneira de volver, ano tras ano, ao que realmente somos.

As festas patronais teñen esa capacidade única de transformar a vila. Cambia o ritmo das rúas, acéndense as prazas, multiplícanse as conversas e as apertas, e As Pontes convértese nun gran espazo de convivencia onde cada persoa atopa o seu lugar.

Son días nos que regresan familiares e amizades, nos que as xe-

racións se mesturan arredor da música, da tradición e da alegría, e nos que sentimos con máis forza ca nunca o orgullo de pertencer a esta vila.

Hai algo profundamente fermoso nestas datas: a maneira na que conseguimos compartir o presente sen deixar atrás a memoria. As festas do Carme e da Fraga están feitas tamén de lembranzas. Das primeiras verbenas, das mañás de ilusión, das noites interminables entre amizades, das voces e dos rostros de quen xa non está, pero segue presente en cada recuncho destas celebracións. Cada edición deixa unha pegada nova, pero todas conservan esa esencia que fai que, pase o tempo que pase, sigamos recoñecendo as nosas festas como algo moi noso. O Carme representa ese vínculo coa tradición, coa cultura popular e coa emoción de vivir, de forma conxunta, unhas festas que se transmiten de xeración en xeración. Detrás de cada acto, de cada actividade e de cada encontro hai

moitas persoas traballando con dedicación e ilusión para que todo saia adiante e para que estas festas sigan sendo un motivo de orgullo para As Pontes.

A Fraga continúa sendo un dos símbolos máis especiais desa identidade compartida. Un lugar que forma parte da nosa historia sentimental e colectiva, onde natureza, música e convivencia se unen nun ambiente difícil de explicar con palabras. É unha xornada que fala da nosa maneira de celebrar, de encontrarnos e de entender a comunidade desde a proximidade e a alegría compartida. Desde o Concello procuramos preparar unha programación diversa, pensada para todas as idades e sensibilidades, combinando tradición e modernidade, música, cultura, deporte, lecer e espazos para compartir. Queremos que cada persoa, independentemente da súa idade, poida atopar nestes días un motivo para desfrutar, emocionarse e sentirse parte activa da festa.

de Ultramar, o IV Festival de Acordeóns Vila das Pontes e espectáculos para público familiar.

OS DÍAS GRANDES

O 17 de xullo comezarán oficialmente as festas co tradicional pregón, que nesta edición será pronunciado por destacados deportistas ponteses, nun recoñecemento á súa traxectoria, ao seu esforzo e aos valores que representan para a sociedade.

A continuación celebrarase o concerto do 40 aniversario de Duncan Dhu, con Mikel Erenxun á fronte, seguido dunha gran verbena coa Orquestra Panorama.

O 18 de xullo, festividade da Virxe do Carme, a xornada estará marcada polos pasarrúas dos grupos tradicionais da vila, o concerto da Banda de Música das Pontes, a sesión vermú con La Mecánica, os actos relixiosos, a tradicional procesión acompañada pola Banda de Música das Pontes e pola Banda de Gaitas da Escola Municipal, a actuación da Agrupación Coral das Pontes e un gran espectáculo piromusical. A noite rematará coa verbena das orquestras La Misión e Os Players.

Unha vez finalice a verbena, na madrugada do 18 ao 19 de xullo, iníciarase a elaboración da tradicional alfombra floral na honra da Virxe do Carme, que cubrirá o percorrido da procesión do domingo. O Concello das Pontes anima á veciñanza a participar nesta iniciativa colectiva, que cada ano reúne a numerosas persoas voluntarias e constitúe unha das tradicións máis representativas das Festas do Carme.

O 19 de xullo continuará a programación coa eucaristía, a procesión da Virxe do Carme, a ofrenda floral, a sesión vermú co Grupo Antha e a verbena protagonizada polas orquestras París de Noia e Os Satélites.

O 20 de xullo celebrarase a festividade de Santa María Madalena xunto ao Festival Internacional de Folclore, que reunirá agrupacións de Galicia, Alacante, México, Chile e Serbia, antes da verbena coas orquestras Origen e Olympus. O 21 de xullo, a Praza de América acollerá o espectáculo "A historia da Verbena", da Oca Band, mentres que o 22 de xullo a Avenida da Coruña converterase nun gran espazo de lecer infantil con inchables, xogos e festa da escuma.

A Fraga, broche final das festas As Festas do Carme e A Fraga despediranse os días 24 e 25 de xullo coa celebración da Fraga, un dos grandes símbolos da identidade pontesa e unha cita declarada Festa de Interese Turístico de Galicia.

O venres celebrarase o Festival da Fraga, coas actuacións de Alana, Xosé Liz, Ortiga e Meknika Roll in Band.

O sábado terá lugar a tradicional Romaría da Fraga, con misa campestre, sesión vermú amenizada por Festicultores, pasarrúas da Batukada Latexo e a actuación da Orquestra Triunfo, poñendo o broche final a máis de tres semanas de intensa actividade cultural,



musical e festiva.

O Concello convida á veciñanza e ás persoas visitantes a participar nunhas festas que, segundo destacan, "representan o mellor das Pontes. Son unha celebración que fala da nosa identidade, da nosa capacidade para conservar as tradicións e, ao mesmo tempo, ofrecer unha programación moderna, diversa e de calidade".

Trátase dun programa que busca que as festas do ano

2026 volvan ser un espazo de encontro, convivencia e orgullo colectivo, no que veciñanza e visitantes compartan o mellor do noso patrimonio, da nosa cultura e da nosa hospitalidade.

Para aqueles que visitan a vila, pode ser o momento de coñecer a vila ao tempo que se desfruta da tradición relixiosa, a festa no seu estado puro, a cultura e a música para todos os públicos.



AS CÁRMENES

A tradicional comida das Cármens, que se celebra nas Pontes coincidindo coas festas patronais, terá lugar o 16 de xullo no restaurante La Tremenda, mantendo viva unha das citas máis queridas e agardadas por veciñas e veciños.

As persoas interesadas en asistir poderán inscribirse nun destes tres establecementos do municipio, Mayge, Óptica Carmela e Rafa Vila Xoiería, pagando un prezo de 38 euros por persoa.

Este encontro, que cada ano reúne a múltiples xeracións, anima a traer un acompañante, co obxectivo de compartir un día de amizade e convivencia en torno á festividade das Cármens.

FERRETERÍA Puentes
VILALBA

Polígono Industrial, Parcela 4 / Tfno.: 982 511 115
Rúa da Pravia, 25-27 / Tfno.: 982 510 055
Fax: 982 511 503
VILALBA - LUGO
fpuentes@infonegocio.com

Integrada en:

ENTREVISTA

Lorena Tenreiro, concelleira de Cultura

“Se tivese que definir as festas escollería a palabra equilibrio. É unha edición que mira ao futuro sen esquecer de onde vimos”

Con que obxectivos arrancan as festas este ano?

Arrancan cunha ilusión enorme e coa vontade de que, un ano máis, As Pontes volva vivir o seu mes máis especial. O noso obxectivo é que cada persoa, independentemente da súa idade, atope o seu espazo nestas festas; que volvan ser un punto de encontro para familias, amizades e visitantes e que, ao mesmo tempo, sirvan para poñer en valor todo o que nos identifica como pobo.

Seguirá a liña de anos anteriores ou hai cambios?

Seguimos fieis á esencia das Festas do Carme e A Fraga, porque é precisamente esa identidade a que fai que sexan únicas. Pero cada edición intentamos dar un paso máis, renovando propostas, incorporando novos espectáculos e buscando un equilibrio entre o respecto pola tradición e unha oferta cultural e musical atractiva e actual.

Cal é o principal trazo desta edición?

Se tivese que definila cunha palabra sería “equilibrio”. Temos unha programación que combina grandes concertos con actividades familiares, tradición relixiosa, folclore, exposicións e cultura local. É unha edición que mira ao futuro sen esquecer de onde vimos.

E temos algunha sorpresa?

Non hai unha sorpresa como tal, porque toda a programación xa foi presentada e queremos que a veciñanza poida planificar e vivir as festas desde o primeiro día. O que si esperamos é que cada persoa atope algún momento especial



que a emocione ou a sorprenda. Hai propostas moi variadas e de gran calidade, desde o concerto do 40 aniversario de Duncan Dhu, con Mikel Erentxun, ata as actuacións das grandes orquestras como Panorama, París de Noia, Olympus, La Misión, Os Satélites ou Origen, pasando por artistas como Ortiga, Oca Band, Festicultores ou o Festival Internacional de Folclore. Ao final, o máis bonito das festas non é só o cartel, senón todo o que se vive arredor del: os reencontros, as tradicións, os concertos, as noites de verbena e os pequenos momentos que quedan na memoria. Oxalá as Festas do Carme e A Fraga 2026 deixen moitas desas lembranzas inesquecibles para a veciñanza e para todas as persoas que nos visiten.

Volverá haber presenza dos artistas locais?

É algo irrenunciable para nós. As Festas do Carme e A Fraga non se poderían entender sen o talento das persoas das Pontes. As nosas escolas municipais, a Banda de Música, a Banda de Gaitas, a Agrupación Coral, a Rondalla Vila das Pontes e os grupos locais de música tradicional non son só parte da programación: son parte da nosa historia e da nosa identidade. Ver subir ao escenario a persoas que levan anos facendo medrar a cultura no noso municipio, ou a nenos e nenas que hoxe comezan o camiño que outros iniciaron antes ca eles, é unha das imaxes máis fermosas destas festas. É emocionante comprobar como o talento local pasa de xeración en xeración

e segue enchendo de música, tradición e sentimento as nosas rúas. As grandes actuacións fan medrar as festas, pero son as persoas das Pontes as que lles dan alma. E para nós é un orgullo que teñan o protagonismo que merecen.

Fálenos un pouco do cartel. Rompe con todo o anterior, parece.

É un cartel moi especial e profundamente simbólico. Miguel Ledo Roca conseguiu transformar nunha única ilustración todo aquilo que fai das Festas do Carme e A Fraga unha celebración única. Non era un reto doado, porque falamos de emocións, de recordos compartidos e de pequenos detalles que forman parte da memoria colectiva de varias xeracións. Non é simplemente un cartel anunciador, é unha obra que nos invita a deternos e descubrir As Pontes desde outra perspectiva. Nun coidado estilo isométrico, inspirado na estética cozy, aparecen representados algúns dos edificios e espazos máis emblemáticos da nosa vila, convertidos co paso do tempo en auténticos símbolos das festas. As persoas toman forma de pequenas figuras de madeira, evocando ese carácter próximo e acoledor que define a nosa forma de celebrar. Tamén están presentes elementos que falan da nosa identidade: as hortensias que dan vida á tradicional alfombra floral; as xestas das cabanas da Fraga; os fogos artificiais, a música, os espazos de encontro... e mesmo as mantecadas, ese sabor tan ligado ás comidas familiares e aos días grandes das festas, que para moitos e moitas son un recordo insepa-

rable da infancia e do Carme. Cada recuncho da ilustración agocha unha historia e un anaco da nosa identidade. Emociona, esperta lembranzas e convida a redescubrir As Pontes coa mesma ilusión coa que, ano tras ano, esperamos a chegada do Carme e A Fraga.

Este ano o pregón volve ser colectivo. Por que esta temática?

Porque hai moitas formas de representar As Pontes e este ano quixemos poñer o foco nos nosos deportistas. Son persoas que, desde disciplinas moi diferentes, levan o nome do noso municipio alí onde compiten e representan valores cos que todos nos sentimos identificados: esforzo, sacrificio, constancia, compañeirismo e superación. Parécenos unha homenaxe moi merecida e tamén unha maneira de agradecerlles todo o que lle dan ás Pontes.

As festas seguen a ter unha forte relevancia para os veciños. Como se consegue iso?

O Carme e A Fraga forman parte da vida das Pontes. Hai sons, cheiros e imaxes que nos acompañan desde pequenos: a música nas rúas, a alfombra floral, os fogos artificiais, as xestas da Fraga, os reencontros con persoas ás que ás veces só vemos nestas datas... Son días cheos de recordos e tamén de novos momentos que quedan para sempre. Creo que esa é a clave: cada xeración vive as festas á súa maneira, pero todas atopan nelas algo que lles emociona. E cando unha celebración consegue mesturar memoria, ilusión e orgullo polo

“Creo que a clave é que cada xeración vive as festas á súa maneira, pero todas atopan nelas algo que lles emociona”

lugar ao que pertencemos, deixa de ser só unha festa.

Cal é o segredo do éxito ano tras ano?

Eu creo que non hai unha fórmula máxica. O verdadeiro segredo está no traballo, na implicación e na ilusión que hai detrás de cada edición. Hai moitos meses de planificación, de coordinación e de esforzo compartido para que, cando chegue xullo, todo estea preparado e a veciñanza só teña que preocuparse de gozar das festas. Pero ese esforzo sempre parte da mesma idea: non perder nunca de vista quen somos. Apostamos por unha programación de calidade, con grandes artistas e espectáculos de primeiro nivel, sen renunciar ao que fai únicas estas festas: a alfombra floral, a procesión, a Romaría da Fraga, a música nas rúas, os reencontros e esas pequenas tradicións que pasan de xeración en xeración. As festas evolucionan porque os tempos cambian, pero a súa esencia e o seu obxectivo seguen sendo os mesmos: crear momentos inesquecibles, poñer en valor a nosa identidade e facer que, durante uns días, As Pontes se converta no mellor lugar para estar. Iso só se consegue con moito traballo, compromiso e coa enorme implicación de todas as persoas que, desde ámbitos moi diferentes, fan posible que cada edición sexa un éxito.

Canto tempo levan traballando na organización das festas?

Son moitos meses de traballo. Practicamente cando remata unha edición comezamos a preparar a seguinte. Hai unha planificación moi importante detrás dunha programación deste nivel, coordinando artistas, empresas, servizos municipais, seguridade e todas as actividades que se desenvolven ao longo de máis de tres semanas. Quero aproveitar tamén para expresar un agradecemento moi especial a todas as persoas que fan posibles estas festas desde o seu traballo diario. Ao persoal do Departamento de Cultura e da Biblioteca Municipal que leva

meses dedicando tempo, ilusión e esforzo para que cada detalle saia adiante; ao Departamento de Obras e Servizos, que prepara os espazos e resolve innumerables cuestións para que todo estea a punto; á Policía Local e a Protección Civil, que velan pola seguridade e porque todas e todos poidamos gozar das festas con tranquilidade. E tamén ás empresas colaboradoras e provedoras que participan na montaxe e desenvolvemento da programación, no servizo de limpeza, na seguridade... Moitas veces é un traballo que pasa desapercibido, pero é absolutamente imprescindible. As Festas do Carme e A Fraga son posibles grazas ao compromiso, á profesionalidade e á dedicación de todas estas persoas, e creo que merecen un recoñecemento sincero e o agradecemento de toda a veciñanza.

Cales son os principais atrancos ou dificultades?

O principal reto é coordinar un dispositivo moi amplo no que participan moitos servizos, empresas e persoas para que todo funcione de maneira coordinada e as festas transcorran con total normalidade. Detrás de cada concerto, de cada verbena ou de cada actividade hai un importante traballo de planificación que non sempre é visible. A nosa prioridade é garantir a seguridade das persoas, favorecer unha boa convivencia durante todos os días das festas e coidar aspectos fundamentais como a mobilidade, a limpeza, a hixiene dos espazos públicos e a correcta prestación de todos os servizos. Queremos que a veciñanza e as persoas que nos visitan só teñan que preocuparse de desfrutar. Iso esixe unha gran coordinación entre os diferentes departamentos municipais, a Policía Local, Protección Civil, os servizos de limpeza, as empresas colaboradoras e todos os profesionais implicados. É un traballo que, afortunadamente, adoita pasar desapercibido para a maioría da xente, pero precisamente ese é o noso obxectivo: que todo funcione con normalidade. Detrás desa aparente tranquilidade hai unha

enorme responsabilidade.

Queda algo na caixa dos desexos que non se puidese poñer en marcha?

Sempre quedan ideas. É inevitable. Hai artistas que non están dispoñibles, proxectos que necesitan máis tempo ou iniciativas que queremos madurar mellor. Pero iso tamén é positivo, porque significa que seguimos soñando e traballando para que cada edición sexa mellor ca anterior.

De cara ao resto do ano, que outras actividades están pensadas?

A cultura nas Pontes non remata en xullo. Continuaremos coa programación de teatro, música, exposicións, actividades familiares, co apoio ás escolas municipais e ás asociacións culturais e, por suposto, xa estamos preparando a programación do outono e do Nadal para seguir ofrecendo alternativas culturais durante todo o ano.



“Ao longo do ano fomos quen de ofrecer unha programación moi variada”

Fáganos un balance do ano en curso. Que destacaría?

Está a ser un ano moi positivo para a cultura nas Pontes. Se tivese que destacar algo, sería a extraordinaria resposta da veciñanza. Iso é o que realmente nos confirma que estamos no bo camiño e nos anima a seguir traballando con ilusión e responsabilidade. Ao longo do ano fomos quen de ofrecer unha programación moi variada, na que conviviron grandes espectáculos con propostas de pequeno formato, actividades familiares, música, teatro, e iniciativas impulsadas polo tecido cultural local. O noso obxectivo sempre é o mesmo: achegar a cultura a todas as persoas, facer que sexa accesible e que forme parte da vida cotiá das Pontes. Ademais, creo que estamos conseguindo algo moi importante: consolidar unha

programación estable durante todo o ano, facendo que As Pontes sexa un municipio vivo culturalmente máis alá das grandes citas do calendario.

Cales foron as actividades máis destacadas ou que máis éxito tiveron?

Afortunadamente tivemos moitos momentos dos que sentirnos orgullosos. A Noite Meiga e a Romaría das Merendas volveron demostrar que as nosas celebracións tradicionais seguen tendo unha enorme capacidade para reunir á veciñanza e atraer visitantes. Tamén foi moi especial comprobar o excelente nivel da programación musical, con novas propostas como o Festival de Jazz Pulso, os concertos de Merino ou Depedro, e un momento especialmente emotivo como foi a presentación do primeiro disco de Nimbo, un grupo das Pontes

que está a abrirse camiño no panorama musical. Outro dos recordos máis bonitos deste ano foi ver o Teatro Colón completamente cheo para a actuación da Escola Municipal de Baile Moderno. É desas imaxes que emocionan porque detrás hai moito esforzo, moitas horas de ensaio e moitas familias compartindo ese orgullo. A Gala Internacional de Maxia volveu sorprender ao público de todas as idades e actividades como Mar de Lecer, coincidindo co aniversario do lago, confirmaron que cando combinamos cultura, lecer e o noso patrimonio natural a resposta da veciñanza sempre é extraordinaria. Ao final, máis alá dos datos de asistencia, o máis satisfactorio é comprobar que a cultura segue sendo un espazo de encontro, de emoción e de orgullo para As Pontes. Ese é, sen dúbida, o mellor balance que podemos facer.



PREGÓN

Os deportistas locais abrirán o programa

Como en anos anteriores, o pregón será grupal e quere render homenaxe a aqueles que compiten polas Pontes

“Non se trata de gañar, senón de participar, de esforzarse e de dar o mellor de un mesmo”. Estas palabras, atribuídas a Pierre de Coubertin, seguen a lembrar que o deporte é moito máis ca un resultado: é unha forma de educar, de convivir e de construír valores que perduran no tempo. Con ese espírito como referencia, as Festas do Carme e a Fraga 2026 terán un comezo especialmente simbólico e emotivo, como expresa a organización. Os e as deportistas máis destacados do municipio serán os encargados de dar o pregón, converténdose na voz dun pobo que se recoñece no seu esforzo, na súa constancia e na súa capacidade de superación. Este nomeamento quere ser unha homenaxe ampla e sentida a todas aquelas persoas que, dende o deporte, representan As Pontes ao longo do ano en moi distintas disciplinas, idades e niveis. Deportistas que adestran a diario con disciplina e ilusión, que compiten con entrega, que aprenden tanto das vitorias como das derrotas e que, sobre todo, nunca deixan de avanzar. Porque o deporte pontés é diversidade e é comunidade. Está nos primeiros pasos das xeracións máis novas, na experiencia de quen leva anos competindo, na forza do deporte feminino, no valor do deporte adaptado e na apertura a novas disciplinas que seguen a medrar e a sumar. Detrás de cada deportista hai



moitas historias que non sempre se ven: madrugóns, esforzos silenciosos, sacrificios persoais e unha paixón que se mantén viva mesmo nos momentos difíciles. E é precisamente ese conxunto de valores o que fai que sexan merecedores dun recoñecemento tan especial.

O pregón non será só unha apertura festiva, senón tamén un agradecemento colectivo. Unha maneira de dicir que As Pontes se sente representada en cada un deles e delas, e que cada vez que compiten fóra levan consigo moito máis ca un nome: levan unha identidade compartida. Así, o inicio das Festas do Carme e a Fraga 2026 será tamén unha celebración do deporte como ferramenta de unión, de respecto e de orgullo local. Un momento no que o pobo escoitará falar a quen, ao longo do ano, fala co seu exemplo.

Porque As Pontes tamén se escribe en cada carreira, en cada partido, en cada travesía, en cada meta... o 17 de xuño, a partir das 20:30 hora, no Parque Municipal, toda esa historia colectiva subirá ao escenario para dar comezo ás nosas festas.

Como en anos anteriores, o Concello fuxe dos pregóns personalistas e aposta polos colectivos, por aqueles grupos que representan ás Pontes a través da súa actividade e neste caso tamén levan o nome da vila polas distintas competicións do mundo.

Son moitos, de todas as idades, pensamento e disciplinas, pero todos eles levan con orgullo o ser das Pontes e vencer ou competir por esta localidade. Esta é só una mostra de todos os que engloba esta homenaxe.



TEXAS

— MODA JOVEN —

Avda. de Galicia, 61 - As Pontes T. 981 440 083
Rúa Galicia, 41 - Vilalba T. 982 511 876



Texas Moda Joven

CARTEL

Miguel Ledo, deseñador da imaxe das festas

“Os edificios e espazos das Pontes, que cos anos foron facéndose icónicos, son os grandes protagonistas”

Explíquenos como foi que acabou deseñando o cartel?

Pois son deseñador e ilustrador pontés e levo anos facendo este tipo de traballos: carteis, identidades visuais, ilustracións... A concelleira de cultura, Lorena, contactou comigo para facer o cartel e a alfombra floral, así como as adaptacións a redes e o deseño do programa.

Que o que intenta representar nel?

Trato de representar a esencia das festas de forma que todas as pontesas e ponteses o sintan así. Os edificios e espazos das Pontes, que cos anos foron facéndose icónicos, son os grandes protagonistas deste cartel, acompañado da xente simbolizada con figuriñas de madeira

e das flores: as hortensias para o Carme e as xestas para a Fraga. E non nos esquezamos das mantecadas que sempre acompañan ás sobremesas nas comidas familiares nestas datas.

Ademais do propio cartel hai unha serie de animacións complementarias, como funcionan e que obxectivo teñen?

O programa no que fixen o cartel chámase Blender e ademais de ser un modelador 3D pódense facer animacións no mesmo. Entón, aproveitando que xa tiña os edificios e as persoas feitas en 3D, fixen unha animación por cada evento dentro do marco das festas: a verbena da Fraga, a procesión, a xente na capela... Que se foron subindo como pequenas doses en redes que rematarían coa presentación do cartel. Creo que é unha forma distinta de comunicación e á vez divertida.

Como están funcionando?

Creo que ben, a xente pregunta que é e penso que gustou o formato.

É o primeiro cartel que fai para as festas?

Non, fixera o do ano 2017 (que non se parece en nada a este e menos mal jajaja). Era unha ilustración dun ollo no que se reflectían momentos das festas.

En que se inspirou?

No proceso de conceptualización busquei referencias en páxinas como Behance ou Pinterest e nas redes sociais. O estilo 3D en isométrica chamoume moito a atención e atopei moitos proxectos así dos que tomei nota. O programa que usei é súper intuitivo e potente e aínda que non o usaba no día a día, foi doado acadar os resultados que buscaba.

Fálenos un pouco do seu traballo, cando comezou e canto tempo leva nisto do deseño?

Sempre me gustou o debuxo e tiven claro que quería dedicarme a el por iso estudei Belas Artes en Pontevedra e un Máster de Deseño online de Barcelona. Levo catro anos dedicándome profesionalmente ao deseño aínda que antes xa comecei a facer traballos para



amigos como carteis, ilustracións para libros e discos e ese tipo de cousas.

Como definiría o seu traballo?

Trato de ter un estilo variable e adaptable aos encargos que recibo pero cumprindo sempre unha serie de características comúns como a representación da realidade vista cos meus ollos, con fortes referencias ao meu pobo e as miñas raíces.

Cales son os traballos máis destacados?

Pois estou bastante orgulloso dun proxecto do ano pasado, o

deseño e promoción dun polo retro con temática de fútbol; tamén fixen un logo para “Cheminea Si” como movemento de reivindicación social para que non derruben a cheminea do meu pobo e engadiría este cartel á lista.

Recibiu algún premio?

No 2023 gañei o VII Premio de Investigación HUME polo fotolibro *A Pardo*, que foi tamén o meu TFG no que (a escola recentemente demolida, a Pardo) é a gran protagonista. Todos os traballos pódense ver na miña web: www.migueledoroca.com





Festas do Carme e A Fraga

11 - 25 · xullo · 2026 / As Pontes

+ info: www.aspontes.org

Venres 03. 19:30 h
Casa Dopeso
**PRESENTACIÓN REVISTA Nº18
DE ESTUDOS HISTÓRICOS HUME**
Exposición de fotografías e
poemas de creación
colectiva de autores e
autoras das Pontes

Sábado 04. 20:00 h
A. M. Cine Aloyi
MOSTRA DE MÚSICA CORAL
· Coral Polifónica "Costumes
de Bergondo"
· Agrupación Coral Endesa
das Pontes

Do 09/07 ao 31/08
Patio CEIP Sta María
**EXPOSICIÓN "UNHA FOTO UN
POEMA"**
Exposición de fotografías e
poemas de creación
colectiva de autores e
autoras das Pontes

Do 10 ao 18. 07:30 h - 19:30 h
· Praza do Carme
**SOLEMNE NOVENA NA HONRA Á
VIRXE DO CARME**

Do 13 ao 31
Casa Dopeso
**EXPOSICIÓN: "A MÚSICA É O
MELLOR"**
50 debuxos feitos sen IA por
un tipo namorado da
música"

Do 13 ao 16
Xardíns Campo da Feira
PARQUE ACTIVO
De 11:30 -14:00 h
e de 17:30 - 20:30 h

SÁBADO 11

19:00 h · desde o Concello
PASACALLE DE BANDAS
PARTICIPANTES

19:30 h · Praza de América
CERTAME DE BANDAS
Se chove no A.M. Cine Alovi

DOMINGO 12

20:30 h · Praza de América
XACARANDAINA
Espectáculo de música e baile tradicional dentro da 14ª edición do programa “Danza 3” do AGADIC - Xunta de Galicia
Se chove no A.M. Cine Alovi

LUNS 13

18:30 h · Xardíns Campo da Feira
PARQUE ACTIVO
“A voar” de Cé Orquestra Pantomina (+3)

20:30 h · Praza de América
AS NOITES DO CARME
Escola Municipal de Pandeireta das Pontes

Se chove no A.M. Cine Alovi

MARTES 14

18:30 h · Xardíns Campo da Feira
PARQUE ACTIVO
“Sorrisos máxicos” de O mago Paco (+3)

20:30 h · Praza de América
AS NOITES DO CARME
III Festival Música de Ultramar con:
· Rondalla Vila das Pontes

Se chove no A.M. Cine Alovi

MÉRCORES 15

18:30 h · Xardíns Campo da Feira
PARQUE ACTIVO
“Sherezade, Aladino e os tres Beduinos” de Teatro Ghazafellos (+4)

20:30 h · Praza de América
AS NOITES DO CARME
IV Festival de acordeóns Vila das Pontes con:
· Acordeonistas da Mariña
· Grupo de Acordeóns da E. M. das Pontes

Se chove no A.M. Cine Alovi

XOVES 16

18:30 h · Xardíns Campo da Feira
PARQUE ACTIVO
“De Vilatariste a Vilalegre” de Teatro O cubo (+4)

20:30 h · Praza de América
AS NOITES DO CARME
Escola Municipal de Baile Moderno das Pontes

Se chove no A.M. Cine Alovi

VENRES 17

20:30 h · Praza do Concello
PREGÓN

22:00 h · Rúa 8 de marzo
CONCERTO
Duncan Dhu 40 aniversario (Mikel Erentxun)

23:30 h · Praza do Carme
VERBENA
Orquestra Panorama

SÁBADO 18

11:30 h · Rúas do centro
PASACALLE
Axóuxere e Feroces da Galgadeira

12:00 h · Praza de América
CONCERTO
Banda de Música das Pontes
Se chove no Cine Alovi

14:00 h · Praza do Carme
SESIÓN VERMÚ
Grupo La Mecánica

20:00 h · Capela do Carme
NOVENA E MISA
En honra á Virxe do Carme

21:30 h
PROCESIÓN NOCTURNA
Á Igrexa Parroquial, co acompañamento da Banda de Música das Pontes e da Banda de Gaitas da Escola Municipal das Pontes

No descanso da procesión · Praza do Hospital
Actuación da Agrupación Coral das Pontes e espectáculo piro-musical en honra á Virxe do Carme

23:00 h · Praza do Carme
VERBENA
Orquestras La Misión e Os Players

DOMINGO 19

12:00 h · Igrexa Parroquial
CELEBRACIÓN DA EUCARISTÍA
Cantada pola Agrupación Coral das Pontes

PROCESIÓN DA VIRXE DO CARME
Subida da Virxe do Carme co acompañamento da Banda de Música C.R. das Pontes e o grupo Canavella
· Ofrenda Floral á Virxe do Carme

14:00 h · Praza do Carme
SESIÓN VERMÚ
Grupo Antha
22:30 h · Praza do Carme
VERBENA
Orquestras París de Noia e Os Satélites

LUNS 20

11:30 h · Rúas do centro
PASACALLE
Os Trevillas e Canavella
12:00 h · Capela do Carme
MISA EN HONRA STA. MARÍA MAGDALENA
E a continuación Procesión

14:00 h · Praza do Carme
SESIÓN VERMÚ
Grupo Pasión
18:30 h · Rúas do centro

PASACALLE
Grupos folclóricos do Festival Internacional
20:00 h · Polideportivo Municipal
FESTIVAL INTERNACIONAL DE FOLCLORE

· Banda de gaitas do Concello das Pontes
· G. de música e danza tradic. “Alxibeira”. Narón
· Grupo de Danzas de Villena. Alacante
· Grupo Folclórico Estampas de México.
Guadalajara (México)
· Ballet Folclórico de Angol. Chile
· Conxunto de danza e canto folclórico “Sumadija”. Belgrado (Serbia)

22:30 h · Praza do Carme
VERBENA
Orquestras Origen e Olympus

MARTES 21

21:00 h · Praza de América
VERBENA
Orquestra La Oca Band. “A historia da Verbena”

MÉRCORES 22

16:30 h · Avenida da Coruña
PARQUE INFANTIL
Inchables e xogos. Festa da espuma

VENRES 24

12:00 h · A Fraga
PASACALLE
Grupo tradicional No Cómbaro
22:30 h · A Fraga
FESTIVAL DA FRAGA

· Alana
· Xosé Liz
· Ortiga
· Mekanika Roll in Band

SÁBADO 25

ROMARÍA DA FRAGA
Festa declarada de Interese Turístico
12:00 h · Capela do Carme
MISA

De Santiago Apóstolo
13:30 h · A Fraga
SESIÓN VERMÚ
Con Festicultores
18:00 h · Rúas do centro

PASACALLE
22:00 h · A Fraga
VERBENA
Coa Orquestra Triunfo

ALFOMBRA FLORAL

Convidamos á veciñanza a adornar con flores os tramos de rúa por onde pasa a Procesión. As persoas que desexen colaborar na realización da alfombra floral poderán facelo os días previos e ao remate da verbena.

NOITES DO CARME

Para ir abrindo boca antes do ‘chupinazo’

Diferentes agrupacións de música tradicional ofrecerán un concerto nas tardes anteriores ao pregón

Como en anos anteriores, o programa das festas do Carme contará cunha antesala de luxo, unha serie de concertos vespertinos nos que se dan a coñecer as distintas agrupacións locais que enchen de cultura a

localidade das Pontes. Este ano non podía ser diferente e entre o luns 13 e o xoves 16 será o tempo de coñecer a cada un deles. Actuarán cada un un día, ás 20.30 horas na praza de América, e a eles sumárase o mércores o grupo Acordeonistas da Mariña, xa que ese mesmo día dentro das Noites do Carme celebrárase a cuarta edición do Festival de Acordeóns Vila das Pontes. Todas as actuacións trasladaranse ao auditorio Cine Alovi se non acompañan as condicións climáticas nos seráns de xullo.

Todos os grupos que participan cunha ampla traxectoria na vida cultural das Pontes e suman varios centos de membros, afeccionados á música nas súas distintas vertentes., acordeóns, rondalla, baile e pandeiretas. Ademais deles e como antesala, o sábado 11 a Banda de Música das Pontes abrirá a programación no certame de bandas que se celebra no mesmo lugar a partir das 19.30, cun pasarrúas previo de todos os participantes. Esta mesma volverá actuar, como todos os anos, acom-

pañando á procesión da Virxe do Carme o domingo. Nestes actos relixiosos, tanto na procesión diúrna como na nocturna, tamén estará outro grupo de referencia, a Agrupación Coral das Pontes, que todos os anos enaltece coas súas voces. Outro grupo que completa o programa de música tradicional e Xarcarandaina, que ofrecerá un espectáculo dentro do programa Danza 3 do Agadic da Xunta de Galicia. Será no mesmo lugar o domingo 12, a partir das 20.30 horas.



Escola de Pandeiretas

A Escola Municipal de Pandeireta continúa a ser un dos referentes da música tradicional e da participación cultural no municipio. Cunha traxectoria que se estende desde hai décadas, a iniciativa reúne actualmente arredor de cincuenta persoas de diferentes idades arredor da pandeireta e do canto tradicional galego. A monitora da escola, Belén Mato Corral, leva preto de vinte anos vinculada ao proxecto, aínda que explica que a escola xa existía antes da súa chegada. Ao longo deste tempo, a actividade evolucionou cara a unha proposta máis ampla que combina música tradicional, cantos de taberna e repertorio popular e coral. “Empezamos a facer un tipo de concertos que non era exclusivamente de pandeiretas, senón unha agrupación creada por nós mesmos”, explica. Nas actuacións participan tamén os gaiteiros das escolas municipais, configurando espectáculos nos que poden chegar a tocar ao mesmo tempo decenas de pandeiretas xunto a outros instrumentos tradicionais. Segundo Mato, a principal característica do grupo é precisamente esa dimensión colectiva. “O noso sinal de identidade é a pandeireta, o feito de tocar todos á vez e cantar todos á vez”. Os integrantes da escola distribúense en catro grupos de formación semanal e reúnen periodicamente para preparar as actuacións. O repertorio adoita incluír muiñeiras, xotas, cantos tradicionais e pezas populares, ofrecendo concertos variados que se adaptan a diferentes públicos.

A actividade da escola vai máis alá do ámbito musical. Ao longo do ano participa en numerosas iniciativas de carácter social en escolas infantís, centros de día, residencias de maiores e eventos organizados polo Concello. “É unha función social tanto para onde imos como para a xente que vén”, destaca a monitora. Outro dos aspectos máis valorados é o seu carácter interxeracional. Entre os participantes hai desde mozas de pouco máis de doce anos ata persoas de oitenta. “Somos un grupo moi interxeracional”, afirma Mato, convencida de que a convivencia entre xeracións é un dos grandes valores do proxecto. De cara ao futuro, os obxectivos son sinxelos. “Continuar, que non é pouco”. Sen aspiracións de converterse nun grupo profesional, a Escola Municipal de Pandeireta mantén a súa esencia: aprender, compartir e gozar da música tradicional galega, contribuíndo á conservación dun patrimonio cultural que segue moi vivo grazas ao compromiso dos seus participantes.

Rondalla de As Pontes

A Rondalla das Pontes afronta un momento especial da súa traxectoria. A agrupación, que o próximo ano celebrará o seu 40 aniversario, pecha unha tempada marcada pola intensa actividade musical e pola preparación dunha efeméride que queren conmemorar por todo o alto. O presidente da entidade, Juan Pérez, fai un balance moi positivo do último ano, no que realizaron numerosas actuacións tanto dentro como fóra de Galicia. Entre as experiencias máis destacadas figura a

viaxe a Barakaldo, onde ofreceron un concerto na Casa da Cultura e participaron nun encontro no Centro Galego da localidade. “Foi unha experiencia estupenda”, asegura, lembrando a boa acollida que recibiron por parte da colectividade galega residente no País Vasco. A agrupación conta actualmente con algo máis de corenta integrantes, aínda que nas actuacións adoitan participar entre 35 e 37 persoas. A maioría forman parte do coro de voces mixtas, acompañado por unha sección instrumental

que foi evolucionando ao longo dos anos. “Agora aumentou máis o grupo de voces e diminuíu a parte instrumental”, explica Pérez. Nas festas deste ano presentarán un repertorio variado no que se mesturan canción galega, habaneiras e música sudamericana. O concerto incluírá ademais varias colaboracións especiais, entre elas a do músico Rilo, así como a participación doutros artistas e colectivos culturais das Pontes. A Rondalla naceu hai 39 anos impulsada por un grupo de pais e nais vinculados á parroquia. O que comezou como unha formación de corda foi medrando ata converterse nunha agrupación consolidada dentro do panorama musical afeccionado galego. Ao longo deste tempo percorreu as catro provincias galegas e participou en numerosos encontros e festivais. Máis aló da música, os seus integrantes destacan o ambiente de compañeirismo que existe dentro do grupo. “Somos como unha pequena familia”, resume Juan Pérez. Un espírito que lles permitiu manter viva unha iniciativa que segue sendo un referente cultural nas Pontes. Mentres continúan coa programación deste ano, a vista está xa posta en 2026. A celebración do 40 aniversario marcará unha nova etapa para unha agrupación que continúa traballando para preservar a música popular e compartir a súa paixón co público alá onde actúa.

PROGRAMA

- **Sábado 11.** Certame de Bandas
- **Domingo 12.** Xacarandaina.
- **Luns 13.** Escola Municipal de Pandeireta das Pontes
- **Martes 14.** III Festival Música de Ultramar con Rondalla Vila das Pontes
- **Mércores 15.** IV Festival de acordeóns Vila das Pontes con Acordeonistas da Mariña e o Grupo de Acordeóns da E. M. das Pontes
- **Xoves 16.** Escola municipal de Baile Moderno
- **Sábado 18 e domingo 19.** Actuación da Agrupación Coral nas procesións

Escola de Acordeóns

A Escola Municipal de Acordeón das Pontes pecha o curso 2025-2026 cun balance moi positivo e cun dos mellores rexistros de participación desde a súa creación. O seu profesor, Jorge Vázquez, destaca que a escola vive un dos momentos máis doces da súa historia, cun grupo cada vez máis consolidado e un alumnado que non deixa de medrar. Creada no ano 2008 para dar resposta á demanda existente arredor deste instrumento, a escola cumpre este ano dezaoito anos de traxectoria. O que comezou cun grupo duns dezaoito alumnos converteuse nun proxecto que supera

xa os corenta participantes, con idades que van desde os 12 anos ata persoas que superan os 80. Segundo explica o responsable da formación, unha das claves do éxito está no ambiente que se respira dentro do grupo. "Moitos tómano como unha forma de socializar e pasalo ben", sinala. A pesar da diferenza xeracional entre os integrantes, destaca que existe unha gran harmonía e unha excelente relación entre todos eles. Para as festas deste ano, a Escola de Acordeón presentará un repertorio formado por unha decena de pezas no que non faltarán vales, xotas, rumbas e pasodobres

galegos. Tamén haberá espazo para habaneiras e incluso algunha canción mexicana, nas que os músicos amosarán tamén as súas capacidades vocais. Na actualidade, o grupo de actuación está formado por arredor de trinta acordeonistas e dous percusionistas, aínda que a escola conta con máis de corenta alumnos que reciben formación semanal. Ao longo destes anos participaron en numerosos festivais, concertos e actividades culturais tanto nas Pontes como noutras localidades galegas. A agrupación mantense xa activa de cara aos próximos meses. Aín-



da que o principal obxectivo inmediato son as actuacións das Festas do Carme, o calendario continuará no outono cun concerto previsto en Burela. Ademais, a escola foi encargada de organizar unha nova edición do Festival Vila das Pontes, unha cita xa consolidada dentro da programación cultural do municipio.

A boa sintonía entre os seus integrantes, a paixón pola música e o carácter aberto e participativo do grupo son, segundo o seu profesor, os elementos que mellor definen unha escola que continúa medrando ano tras ano e que se ten convertido nun referente musical dentro da vida cultural pontesa.

Banda Cultural e Recreativa

A Banda Cultural e Recreativa das Pontes continúa sendo unha das entidades musicais máis representativas do municipio. A agrupación afronta un novo verán cunha plantilla en crecemento e coa satisfacción de comprobar que cada ano se incorporan novos músicos ao proxecto. A presidenta da entidade, Andrea Fornos, destaca que durante o presente curso se mantivo un nivel de actividade semellante ao de anos anteriores en canto a concertos e actuacións, aínda que subliña un dato especialmente positivo: o aumento progresivo do número de compoñentes. Esta incorporación de novos músicos reforza unha formación que

actualmente reúne a 55 integrantes, todos eles formados ou vinculados á Escola de Música da propia banda. A participación nas Festas do Carme volverá ser un dos momentos máis importantes do ano para a agrupación. O programa arrancará o 11 de xullo coa celebración do XXIX Certame de Bandas de Música, unha cita xa consolidada que reunirá nas Pontes á Banda da Escola de Música Charamela de Pontedeume, á Banda de Música Lira de San Miguel de Oia e á propia Banda Cultural e Recreativa das Pontes. A actividade continuará durante a fin de semana grande das festas. O sábado 18 de xullo ofrece-

rán un concerto de carácter máis informal, cun repertorio pensado para ambientar unha sesión vermú, ademais de participar na procesión nocturna. Ao día seguinte, a banda acompañará tamén a tradicional procesión que se celebra ao mediodía. A historia da agrupación remóntase ao ano 1987, cando foi creada por iniciativa do entón alcalde Jaime Vilaboy Ramil e grazas ao impulso dun grupo de músicos das Pontes. Desde entón, a banda contou con directores de prestixio e converteuse nun dos principais referentes culturais. Un dos aspectos que mellor define á formación é a convivencia entre xeracións. A pesar de



contar cun importante número de mozos e mozas, a banda mantén tamén músicos con máis de vinte anos de experiencia que exercen como guía para as novas incorporacións. Segundo explica Andrea Fornos, esta combinación favorece un ambiente moi positivo e unha relación especialmente enriquecedora

entre os membros máis novos e os máis veteranos. Esa mestura de experiencia, renovación e compromiso coa música continúa sendo a principal fortaleza dunha banda que, case corenta anos despois da súa fundación, segue desempeñando un papel fundamental na vida cultural das Pontes.

Escola Municipal de Danza

A Escola Municipal de Danza das Pontes converteuse ao longo dos anos nun referente cultural e artístico da vila. Baixo a dirección de Jaime Pablo Díaz, o proxecto foi medrando ata consolidarse como un espazo de formación, creatividade e encontro para centos de nenos, nenas e persoas adultas que cada curso forman parte desta gran familia. Detrás de cada actuación hai meses de traballo, aprendizaxe e dedicación. A danza é o fio condutor, pero tamén o son valores como o compañeirismo, o respecto, a responsabilidade e a confianza. Por iso, cada espectáculo que presenta a Escola é moito máis que unha mostra de fin de curso: é o resultado dun

proceso colectivo no que cada participante aporta o seu talento e esforzo. O último gran exemplo foi *SOÑOS*, unha produción creada para emocionar e transportar ao público a través dunha historia contada con movemento, música e imaxinación. A dirección artística correu a cargo de Jaime Pablo Díaz, mentres que a escenografía e o vestuario foron desenvolvidos por Carolina Diguele e Isabel O'Connor, coa iluminación de Anna Díaz. As profesoras Carmen Boo e Mar Perera completaron un equipo que traballou durante meses para facer realidade un espectáculo coidado ata o máis mínimo detalle. As transicións entre escenas

son interpretadas polos propios alumnos e alumnas da Escola Municipal, integrándose activamente na narrativa e demostrando que cada persoa desempeña un papel fundamental dentro do proxecto. Un traballo coral que conta tamén co apoio do Departamento de Cultura do Concello, imprescindible para continuar impulsando a creación artística. O esforzo e a calidade do traballo realizado tiveron tamén o seu recoñecemento fóra das Pontes. Recentemente, a Escola Municipal de Danza acadou un posto de finalista no concurso Talentiño, celebrado en Ferrol, un logro que pon en valor o talento e a constancia do alumnado e do equipo docente.



A vinculación da Escola coa vida cultural pontesa é profunda. Proba diso foi a participación de Jaime Pablo Díaz como pregoeiro das Festas do Carme o pasado ano, un recoñecemento a traxectoria e á pegada que a danza deixou na sociedade pontesa durante estas dúas décadas. Coa mesma ilusión dos seus ini-

cios, a Escola Municipal de Danza das Pontes continúa medrando curso tras curso, apostando pola formación, a creación artística e a cultura como ferramenta de encontro. Un proxecto que segue demostrando que os sonhos, cando se traballan con paixón e compromiso, poden converterse en realidade.

ROMARÍA DA FRAGA

Un fin de festa onde prima a amizade e a diversión

A Romaría da Fraga encherá a vila de música, tradición e festa os días 24 e 25 para poñer o colofón ás festas

A Romaría da Fraga volverá converterse este verán nun dos grandes referentes festivos de Galicia cun programa que combina tradición, música en directo e actividades para todos os públicos. A celebración, declarada Festa de Interese Turístico, reunirá os días 24 e 25 de xullo centos de persoas nunha cita que forma parte da identidade colectiva das Pontes e que cada ano consegue atraer visitantes chegados de distintos puntos do país. A historia desta celebración remóntase a 1904, cando naceu



coa intención de honrar ao denominado “patrón pequeno” das festas pontesas. Naqueles primeiros anos, a romaría desenvólvese nunha pequena illa do río Eume, onde as familias organizaban merendas e xornadas de lecer ao aire libre. Co paso do tempo, a festa trasladouse á coñecida Carballeira de Dona Rita, á beira do río, un espazo que continúa sendo o corazón da celebración e que hoxe forma parte da gran zona verde integrada no núcleo urbano das Pontes. Ao longo de máis dun século de historia, a Romaría da Fraga soubo adaptarse aos novos tempos sen perder a súa esencia popular. A programación ampliouse progresivamente coa incorporación de actuacións musicais, verbenas, pasacalles e actividades cultu-

rais que complementan unha tradición que segue a manter un forte vínculo coa natureza e coa convivencia veciñal. A programación deste ano arrancará o venres 24 de xullo cun pasacalles a cargo do grupo tradicional **No Cómbaro**, que percorrerá A Fraga desde o mediodía enchendo de música o recinto festivo. Xa pola noite, o protagonismo será para unha nova edición do Festival da Fraga, unha cita consolidada dentro da programación cultural das Pontes que reunirá sobre o escenario a **Alana**, **Xosé Liz**, **Ortiga** e **Mekanika Roll in Band**. A aposta pola música feita en Galicia volverá ser un dos sinais de identidade desta edición. Os artistas convidados representan diferentes estilos e sensibilidades musicais, configurando unha pro-

posta variada destinada a atraer públicos diversos e a ofrecer unha noite de concertos marcada pola creatividade e pola presenza de proxectos musicais de referencia dentro da escena galega actual. O sábado 25 de xullo celebrarase a xornada central da Romaría da Fraga. Os actos comezarán coa misa na Capela do Carme en honra a Santiago Apóstolo. A continuación, a música volverá ocupar un lugar destacado coa sesión vermú, que estará amenizada por **Festicultores**. Esta formación converteuse nun dos grupos máis recoñecibles da animación musical galega. Cunha traxectoria de dúas décadas e centos de actuacións dentro e fóra de Galicia, Festicultores destaca pola súa capacidade para transformar calquera espazo nunha auténtica festa popular



PROGRAMA

- VENRES 24**
- 12:00 h. A Fraga PASACALLE co grupo tradicional No Cómbaro
 - 22:30 h. A Fraga FESTIVAL DA FRAGA con
 - Alana
 - Xosé Liz
 - Ortiga
 - Mekanika Roll in Band
- SÁBADO 25**
- 12:00 h. Capela do Carme. MISA. Santiago Apóstolo
 - 13:30 h. A Fraga. SESIÓN VERMÚ con Festicultores
 - 18:00 h. Rúas do centro PASACALLE
 - 22:00 h. A Fraga VERBENA coa Orquestra Triunfo



a través da mestura de música, humor e participación do público. A súa proposta combina ritmos festivos e unha posta en escena que os converteu nun referente dos pasacalles e espectáculos itinerantes. Xa pola tarde, a agrupación volverá saír ás rúas do centro das Pontes para protagonizar un novo pasacalles, contribuíndo a crear o ambiente festivo que caracteriza esta xornada. A celebración culminará pola noite cunha gran verbena na Fraga amenizada pola **Orquestra Triunfo**, encargada de poñer o broche final a unha das citas máis esperadas do calendario festivo pontés. Máis aló da programación musical, a Romaría da Fraga continúa sendo unha celebración marcada polo espírito de convivencia que a acompañou desde os seus inicios. Cada ano centos de grupos



de amigos e familias ocupan os espazos habilitados na carballreira para compartir comida, música e horas de encontro nun ambiente festivo e respectuoso cunha contorna natural especialmente protexida. A organización mantén tamén o tradicional reparto previo

A celebración está marcada polo espírito de convivencia que a acompañou desde os seus inicios



dos espazos para garantir unha celebración ordenada e segura, favorecendo que todas as persoas participantes poidan gozar dunha xornada que transcende o ámbito local para converterse nunha das romarías máis singulares e concorridas de Galicia. Con máis dun século de historia

ás súas costas, a Romaría da Fraga continúa demostrando a súa capacidade para combinar tradición e renovación, mantendo vivo un legado que forma parte da memoria colectiva das Pontes e consolidándose como unha das grandes festas populares do verán galego.

OS GRUPOS DO FESTIVAL

ALANA

Antía Vázquez (voz e pandeireta), Eloy Vidal (teclado, guitarra e voz) e Pablo Castro (percusións e gaita) forman Alana. Un proxecto musical que mestura a música tradicional con ritmos de base electrónica e pop. A proposta da banda parte das recollidas, un traballo feito coa colaboración de moitas mulleres e homes que desinteresadamente contribúen a preservar a riqueza da música e da tradición. O xeito á cántiga é o seu primeiro disco. Nunha das recollidas de Dorothé Schubarth recompiladas no Cancioneiro Popular Galego, Delfina de Cerceda explícalle á musicóloga como dar “o xeito á cántiga” nas melodías das muiñeiras e das xotas. Esa gravación de hai máis de 40 anos é a orixe que dá nome ao álbum. Alana é un proxecto novo, diverso, cunha potente posta en escena e unha importante vinculación coa tradición e o baile. No

seu primeiro ano de vida foron os gañadores do Premios Xuventude Crea 2023 na categoría de música.

XOSÉ LIZ

Xosé Liz (Vigo, 1972) é hoxe en día un dos grandes mestres da corda pulsada na península ibérica. Músico multiinstrumentista, compositor, intérprete, arraxista e docente de recoñecido prestixio nacional e internacional no círculo do folk e da Celtic Music. Despois de participar en bandas como Riobó, Lizgairo, Entretrastes, Beladona e de acompañar a artistas como Rodrigo Romaní, Uxía ou Pancho Álvarez, decide lanzar a súa carreira en solitario cun novo proxecto musical: Indala. O bouzouki eléctrico será o instrumento solista que levará da man un repertorio elaborado e disposto a entrar nos mellores escenarios. En solitario, Xosé Liz grava “El cantar de los flautares / O Cantar

dos Frautares”, que reflicte a súa mestría nas frautas de madeira interpretando melodías tradicionais de Galicia, Portugal, Escocia, Bretaña e Irlanda. Conta con colaboracións en máis de 40 discos, traballando con artistas de renome no ámbito do folk e da música celta: Susana Seivane, Rodrigo Romaní, Cristina Pato, Sondeseu e Riobó, formación coa que participou no Concurso Runas en 2009 e no Festival en 2013.

ORTIGA

Nos últimos anos, a música alternativa galega vive nun continuo estado de efervescencia grazas a unha nova fornada de artistas que souberon conectar moi ben co público, especialmente coa xente nova. Aí temos a folktrónica de Baiuca ou Tanxugueiras, o electro punk de Grande Amore ou o eclecticismo militante de Mundo Prestixio para testemuñalo. Unha das figuras máis peculiares e inclasificables desta nova onda é, sen dúbida, ORTI-

GA, alter ego de Chicho González (Santiago de Compostela, 1994), un músico que se move entre o pop tropicatlántico, a electrónica e a música urbana. ORTIGA autodefínese como o latin boy destas novas correntes. Falamos dun personaxe único que vén dando guerra desde finais da década pasada. A súa ensalada ‘electrotropical’ sen complexos, aderezada tras milleiros de horas de festa, orquestras e merengue polas verbenas rurais de Galicia, provoca unha mestura de furor e estupefacción alá por onde pisa, e converteuse na banda sonora dos estudantes de Santiago. É, sen dúbida ningunha, a nota máis colorida da escena alternativa galega actual.

MEKANIKA ROLLING BAND

A Mekanika Rolling Band (tamén coñecida como Mekanika ou Mekánika Rolling Band) é unha famosa charanga e grupo de animación de rúa orixinaria

de Negreira (Galicia). Fundada en 2003, é recoñecida polo seu enérxico espectáculo que combina música, coreografías participativas, pirotecnia e un escenario móbil autoamplificado. A banda naceu no ano 2003 coa firme intención de revolucionar o concepto tradicional da charanga. Ao longo das súas máis de dúas décadas de traxectoria, conseguiu expandir a súa música e o seu particular estilo festivo por toda a xeografía española e europea, actuando en países como Alemaña, Austria, Francia e Italia. Un dos grandes sinais de identidade da Mekanika Rolling Band é a súa impactante posta en escena. Incorporan efectos visuais de lume e pirotecnia que acompañan un repertorio dinámico e moi interactivo co público. Ademais, preséntanse en formato de rúa e tamén contan cun formato adaptado a escenarios, ambos integrando os mesmos elementos de lume que sorprenden aos asistentes.

GESTORÍA GAYOSO

Gestoría Administrativa | Administración de Fincas | Comunidades de Propietarios

NOVAS INSTALACIÓNS

Avda. Galicia, 66 Bajo
15320 AS PONTES (A Coruña)
981 440 098 - 699 145 568
contacto@gestoriagayoso.com

Rúa Benxamin Paz, 25 Bajo
27800 VILALBA (Lugo)
982 523 034 - 645 851 946
contacto@gestoriagayoso.com

DISEÑO WEB

¿Tu sitio web necesita una actualización?
¡Nosotros podemos ayudarte!

eumenet

626 096 107
eumenet.es

A MÚSICA DO CARME

Un gran concerto para abrir a programación

Mikel Erentxun celebra os 40 anos de Duncan Dhu co concerto inaugural das festas, que terá lugar na rúa 8 de marzo o venres 17

As Festas do Carme e da Fraga 2026 arrancarán por todo o alto coa actuación de **Mikel Erentxun**, que traerá a súa xira conmemorativa dos 40 anos de Duncan Dhu ao escenario da Rúa 8 de Marzo o vindeiro venres, 17 de xullo, ás 22.00 horas, nun concerto de entrada gratuíta. Será unha noite moi especial na que o público poderá revivir os grandes éxitos dunha das bandas máis importantes da historia do pop español. Nunha xira única, Mikel Erentxun fai unha pausa na súa carreira en solitario para render homenaxe



ao legado de Duncan Dhu, coincidindo co corenta aniversario do seu debut discográfico. Acompañado pola súa banda —Rubén Caballero (guitarra), Mikel Azpiroz (teclados), Fernando Neira (baixo) e Igor Telletxea

(batería)— ofrecerá un espectáculo no que non faltarán himnos como *Cien gaviotas*, *En algún lugar*, *Jardín de rosas* ou *Una calle de París*, ademais doutros temas imprescindibles que marcaron a varias xeracións. O repertorio percorrerá toda a traxectoria de Duncan Dhu, desde *Por tierras escocesas* ata

El duelo, nun concerto pensado para emocionar tanto aos seguidores de sempre como ás novas xeracións que descubriron a música da banda co paso do tempo. A actuación converterase nun dos grandes momentos das festas e dará o pistoletazo de saída a varios días de celebración.

OS GRUPOS LOCAIS

AXÓUXERE

Naceu en 1995 en Roupar, na parroquia do mesmo nome, no Concello de Xermade. No grupo teñen harmonías para gaitas, frauta traveseira, saxofóns, pandeireta, tamborís e bombo. O seu obxectivo é amenizar as festas, ou facelas alí por onde pasan, pero principalmente, facer equipo e pasalo ben.

NO COMBARO

Este grupo de música galega formouse no ano 2003, empezando a súa traxectoria como cuarteto tradicional con dúas gaitas, tambor e bombo. Co transcurso dos anos fóronse incorporando outros instrumentos como son a zanfona, a frauta traveseira, o clarinete, acordeón e voz ata completar a formación actual composta por oito membros. Os inicios das súas actuacións foron coas alboradas e os pasacalles, recorrendo as comarcas do Eume, Terra Chá e Ferrolterra. Participaron tamén en festivos na localidade e arredores.

Con este pequeno proxecto, ademais de desfrutar tentan divulgar, dignificar e manter viva a esencia da música tradicional, dándolle un xeito propio con pezas da súa propia creación pero tamén mantendo e conservando o repertorio dos antigos gaiteiros.

CANAVELLA

Este grupo creouse con membros da Escola Municipal de Música Tradicional das Pontes arredor dos anos 2009, e nos seus comezos estaba formado por 3 gaitas, 2 tamborís e 1 bombo. Actualmente está composto por 3 gaitas, 1 tamboril e 1 bombo pero o seu repertorio está formado por todo tipo de pezas tradicionais como son os pasodobres, as muiñeiras, as rumbas ou as xotas.

FEROCES DE GALGUEIRA

Este é outra das formacións locais que amenizará as festas. Son unha agrupación de música tradicional das Pontes con moito ritmo formado por sete rapaces,

Marcos Freire, Carolina Leal e Sara López coas gaitas, Antonio Tuimil co acordeón, Ana Vilaboy coa pandeireta, Luis Pita e Miguel Ferreiro co bombo e platillo. Este grupo comezou a súa andaina en maio do 2009 cando tocaron por primeira vez no Cine Alovi doce pezas moi elaboradas e matizadas. O seu nome provén da Galgueira, unha parte do monte que da cara As Pontes.

OS TREVILLAS

Este grupo formado por uns amigos das Pontes, aos que lles gustaba a música, comezaron a aprender a tocar a frauta alá polo ano 1993 no baixo dunha carpintería, da man do músico autodidacta Manuel Seijo. Logo ensinoulles a tocala gaita, e co paso do tempo decidíronse a formar un grupo, que naceu no ano 1995. O seu primeiro disco presentouse o 22 de outubro do 2005 no Cine Alovi das Pontes, e chamouse *Dalle Dalle*, está feito de pezas tradicionais galegas, e tamén inclúen nel unha canción que lles ensinou o sacristán das Neves.



CONCERTOS

Ademais da actuación estelar de Mikel Erentxun, as festas contarán con outras grandes citas coa música en diferentes formatos.

Xa antes do inicio oficial das festas comezarán as actuacións, comezando o sábado 11 polo Certame de Bandas, no que as tres participantes, previamente, farán un percorrido polas rúas da vila ofrecendo unha mostra da súa arte.

O primeiro concerto oficial das festas será o que fará **Xacarandaina** o domingo 12, ás 20.30 horas na praza América (se chove irá para o auditorio Cine Alovi).

Fundada na Coruña en 1978, a Asociación Cultural Xacarandaina consolidouse como unha das entidades de referencia na recuperación, investigación e divulgación do patrimonio e do folclore tradicional galego. O seu nome, procede dun antigo sinónimo de festa ou foliada. O grupo de música e baile naceu en 1979 co obxectivo de investigar, conservar e divulgar o folclore popular de Galicia, mantendo sempre o máximo rigor etnográfico e respectando a autenticidade das tradicións. Ao longo da súa traxectoria, Xacarandaina desenvolveu unha intensa actividade artística a través do seu grupo de música e baile, que os levou por escenarios de todo o mundo.

A asociación foi tamén pioneira coa creación do primeiro grupo de pandereiteiras de Galicia, formado por mulleres que acompañan o baile mediante instrumentos tradicionais de percusión de man e interpretacións vocais propias da música popular galega.

O sábado 18, xa coas festas en marcha e tras catro días de actuacións nas Noites do Carme, a **Banda de Música das Pontes** ofrecerá unha actuación ás 12.00 tamén na praza América. Trátase dunha destacada agrupación musical fundada en 1985 que conta con arredor de 40 músicos activos e destaca pola súa vibrante canteira. Este mesmo grupo acompañará á procesión da Virxe o día 19. O luns 20, ás 20.00 horas, terá lugar o Festival Internacional



de Folclore, con actuacións no Pavillón Polideportivo Municipal de grupos procedentes de Narón, Alacante, México, Chile e Bego. Xa antes do festival, os grupos tamén farán un pasacalles.

PASACALLES

A sesión dos pasarrúas, arrincará o sábado 18 ás 11.30 horas cos grupos **Axóuxere** e **Feroces da Galgueira**, que percorreren as rúas da vila coa súa música tradicional.

O luns 20, á mesma hora, haberá unha sesión, pola mañá cos grupos **Os Trevillas** e **Canavella**. **No Cómbro** será o último en tocar, o venres 24 ás 12.00 horas pero xa na Fraga.

VERBENAS

O venres 17, sobre as 23.30 horas, terá lugar a primeira verbena das festas, a cargo da orquestra **Panorama**, unha das formacións de máis prestixio e tradición en Galicia. Esta agrupación foi fundada en 1988 e destaca por ofrecer un espectáculo audiovisual de máis de tres horas no que participan unha media de 20 artistas sobre un escenario monumental que require dun gran equipo de montaxe.

Ao día seguinte, haberá dobrete, xa que actuarán outras dúas grandes da música, **La Misión** e **Los Players**, estes últimos cun percorrido musical que arrincou en 1960. Os primeiros, fundados no ano 2012 en Madrid, destacan polo seu impresionante despregue técnico, de cinco tráileres e un autobús, e un repertorio variado. O domingo tamén haberá verbe-

na, tamén con dobrete pero nesta ocasión estará a cargo de **París de Noia** e **Os Satélites**, estes últimos percorrendo escenarios desde 1938. No primeiro caso se trata dunha formación de prestixio que, aínda que arrincou en 1957, deu un salto cualitativo a partir de 1981 para facerse famosa pola súa enerxía e a súa posta en escena.

O luns, unha vez finalizado o Festival internacional de Folclore, haberá unha nova verbena, neste caso con outras dúas formacións de gran tradición e que sa estiveron nas Pontes noutras ocasións, **Origen** e **Olympus**, as que deleitará á veciñanza cun espectáculo cheo de luminotecnia e coreografías impactantes. Para rematar as festas do Carme, o martes 21 actuará **La Oca Band** co seu espectáculo *A historia da verbena*, facendo un parón nas sesións nocturnas ata a Romería da Fraga. Esta última formación é famosa polos seus shows temáticos nestes 35 anos que leva animando festas e celebracións. Unha das súas peculiaridades é apostar firmemente pola música galega.

Ademais, das verbenas, tamén haberá varias sesións vermú



coincidindo coa fin de semana. O sábado 18 estreará este apartado o grupo **La Mecánica**, que ofrecen un show próximo, alegre e dinámico, adaptado a todo tipo de festas, deixando o oco do domingo para grupo **Antha**. Se trata dunha formación orixinaria de Narón que son coñecidos polo seu repertorio adaptado a todo tipo de públicos.

O grupo Pasión será o último en facer sesión vermú, concretamente o luns día 20.

Todas estas actuacións terán lugar na praza do Carme, ás 14.00 horas na sesión de mediodía e na nocturna cun horario diferente dependendo do día.

CALENDARIO

SESIÓN VERMÚ (14 h.)

Sábado 18: Grupo La Mecánica
Domingo 20: Grupo Antha
Luns 20: Pasión

VERBENAS

Venres 17: Panorama (23.30)
Sábado 18: La Misión e Os Players (23.00)
Domingo 19: París de Noia e Os Satélites (22.30)
Lun 20: Origen e Olympus (22.30)
Martes 21: La Oca Band (21.00)

CONCERTOS

Domingo 12: Xacarandaina (20.30)
Venres 17: Mikel Erentxun (22.00)
Sábado 18: Banda de Música das Pontes (12.00)

PASARRÚAS (11.00)

Sábado 18: Axóuxere e Feroces da Galgueira
Luns 20: Os Trevillas e Canavella
Venres 24: No Cómbro

**CAFÉ-BAR
TORRE LAVEGA**
DESDE 1964

*Xa estamos
de volta*

**RESTAURANTE
CERVECERÍA**

A FERVENZA
de Somoza

Calle Alexandre Bóveda nº 1
15320 Puentes de García Rodríguez
T. 881 090 441

ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS

Deporte, exposicións e xogos amplían o programa

Antes do inicio das festas, convócanse varias citas culturais e deportivas que se vinculan aos festexos



As Festas do Carme volven converterse un ano máis no gran eixo da actividade social, cultural e festiva das Pontes durante o mes de xullo. Aínda que as datas centrais das celebracións están perfectamente delimitadas no calendario, a realidade é que o programa festivo se estende moito máis alá, con numerosas actividades que comezan días antes do pregón e continúan mesmo despois de rematados os actos principais.

Como vén sendo tradición, a presentación da revista de Estudos Históricos de HUME marcou o inicio simbólico das celebracións. A esta cita sumouse a Mostra de Música Coral, organizada pola agrupación coral local e celebrada o pasado día 4, consolidando o papel da cultura como un dos piares fundamentais das festas pontesas.

EXPOSICIÓNS. As exposicións volverán ter un protagonismo destacado nesta edición. Unha das propostas máis singulares é a nova edición de *Fotopoema As Pontes*, unha iniciativa promovida pola Biblioteca Municipal Enrique Rivera Rouco que combina fotografía e poesía nunha exposición colectiva na que participan poetas, fotógrafos e fotógrafos da localidade. A



mostra poderá visitarse ata o 31 de xullo no Colexio Santa María e propón un diálogo creativo entre a palabra escrita e a imaxe, ofrecendo ao público unha experiencia artística compartida.

A inauguración oficial tivo lugar o 9 cun recital. Dende a organización destacan que a iniciativa busca poñer en valor o talento local e fomentar a colaboración entre persoas creadoras de distintos ámbitos artísticos, consolidándose como unha das actividades culturais máis recoñecidas do calendario festivo.

Xunto a *Fotopoema As Pontes*, a veciñanza tamén poderá visitar a exposición *A música é o mellor*, do artista Luis M. Torrente. A mostra reúne medio cento de debuxos realizados, como subliña o propio autor, "sen intelixencia artificial e por un tipo namorado da música",

nunha proposta chea de humor, creatividade e referencias musicais.

PARA A CATIVADA. Os máis pequenos volverán contar cun espazo protagonista dentro da programación. Desde o luns 13 de xullo, os xardíns do Campo da Feira converteranse no epicentro das actividades infantís, cunha programación diaria ás 18.30 horas durante a semana previa ao pregón.

O ciclo arrancará con *A voar*, da compañía Cé Orquestra Pantomima, para continuar con *Sorrisos máximos*, do Mago Paco. Tamén pasarán polo escenario *Sherezade*, *Aladino e os tres beduínos*, de Teatro Ghazafellos, e *De Vilatraste a Vilalegre*, de Teatro O Cubo. Como broche final, o mércores 22 de xullo celebrárase unha gran tarde de xogos, inchables e festa da escuma na avenida da Coruña, unha das acti-

vidades máis esperadas polo público infantil.

DEPORTE. O deporte tamén tivo o seu espazo destacado coa tradicional maratón de fútbol sala organizada por O Esteo F.S. Máis aló da competición, esta edición estivo marcada pola emoción e polo recordo a Xoel Pena Vigo, o mozo pontés falecido o pasado mes de maio nun accidente laboral en Vilalba. Habitual participante do torneo, os seus amigos promoveron unha homenaxe que contou co apoio da organización e que converteu a cita deportiva nun acto de lembranza e afecto.

Na sénior, o equipo Muebles Eume de Basoa proclamouse campión tras superar por 5-0 ao Silver Catering na final, mentres que A Cepa conquistou o título de veteranos por 6-0 ao Recreativos Tuimil.

GALICIA XA

GRAZAS!

Somos o medio lucense con máis páxinas vistas*

*Fonte: Informes GfK DAM abril-maio 2026